



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo fin de máster

Materia	Traballo fin de máster			
Código	004M181V01205			
Titulación	Máster Universitario en Xestión empresarial do deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dpto. Externo Economía financeira e contabilidade			
Coordinador/a	Sánchez Fernández, Patricio Gallego Rodríguez, María Elena			
Profesorado	Barajas Alonso, Ángel Antonio Gallego Rodríguez, María Elena Sánchez Fernández, Patricio			
Correo-e	patricio@uvigo.es egallego@uvigo.es			
Web	http://patricio.webs.uvigo.es			
Descrición xeral	<p>O Traballo de Fin de Máster supón a realización por parte do alumno dun proxecto, memoria ou estudo, no que aplique e desenvolva os coñecementos adquiridos no seo do Máster.</p> <p>O Traballo deberá estar orientado á aplicación das competencias xerais asociadas á titulación.</p> <p>O Traballo de Fin de Máster será realizado de forma individual baixo a supervisión do titor asignado.</p> <p>O Traballo de Fin de Máster só poderá ser avaliado unha vez que se teña constancia de que o alumno superou as avaliacións previstas nas restantes materias do Plan de Estudos e dispón, por tanto, de todos os créditos necesarios para a obtención do título de Máster, salvo os correspondentes ao propio Traballo.</p> <p>Todo Traballo Fin de Máster deberá de ser unha obra orixinal, desenvolvida polo propio estudante, non admitíndose traballos meramente descritivos, que recompilen unicamente información, plaxiados ou parcialmente plaxiados.</p> <p>Ao finalizar o Máster, o alumno/a deberá de presentar a memoria do devandito traballo, documento normalizado que conteña o traballo realizado, e deberá de estar capacitado para a defensa do mesmo ante a Comisión designada pola Coordinación do Máster.</p> <p>O traballo fin de máster pode estar ligado ás prácticas externas realizadas en entidades e organizacións deportivas se o alumno/a elixe esta alternativa.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoitado nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacitar ao alumnado para a administración e dirección de todo tipo de entidade ou organización deportiva
B2	Favorecer o contacto directo co sector deportivo

B3 Ofrecer unha visión integradora dos distintos subsistemas que configuran o sistema organización/empresa no sector deportivo

B4 Coñecer e comprender a evolución do deporte dende o seu compñente económico-empresarial

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Identificar razóns e xustificacións para a toma de decisións considerando as peculiaridades do negocio do deporte	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 B4

Contidos

Tema
Traballo Fin de Máster
Traballo Fin de Máster

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	10	139	149
Traballo	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Traballo de Fin de Máster será realizado de forma individual baixo a supervisión do titor asignado. Consistirá en: - procura de información e investigación no sector deportivo (revisión bibliográfica e obtención de datos primarios). - Síntese e redacción da información obtida anteriormente ou solicitada nas prácticas. - Preparación e defensa do traballo realizado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	- procura de información e investigación no sector deportivo (revisión bibliográfica e obtención de datos primarios). - Síntese e redacción da información obtida anteriormente ou solicitada nas prácticas. - Preparación e defensa do traballo realizado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Avaliarase o documento escrito presentado.	80	
Traballo	Avaliarase a presentación oral do traballo.	20	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de Avaliación continua (AC), ou alternativamente, optar por unha proba de Avaliación Global (AG).

A avaliación por defecto é a AC.

O alumnado poderá elixir AG segundo o procedemento e o prazo establecido polo Centro. A elección de AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

-- Avaliación continua. En caso de non renunciar á avaliación continua:

Neste caso o alumnado deberá realizar o conxunto de actividades e probas de avaliación descrito no apartado de Metodoloxías/Probas que valerán o 35%, 35% e 30% da nota respectivamente.

Para poder ser avaliado por este sistema hai que asistir polo menos ao 75% das horas de docencia presencial.

-- Avaliación global.

O alumnado será avaliado mediante unha proba teórico-práctica na data oficial fixada no calendario de exames da Facultade. Esta proba representa o 100% da nota.

No suposto de non superar a nota en primeira oportunidade, o alumnado poderá ser avaliado de novo na segunda oportunidade a través dunha proba teórico-práctica na data oficial fixada no calendario de exames do Master. Esta proba suporá o 100% da nota.

Os estudantes que non participen na AC nin na AG, figurarán nas actas como [non presentados].

Recoméndase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos), do Regulamento sobre a Avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/normativa/documento/downloadbyhash/4904ced4d24eb81fe5715ddde2c48c59c0a7c4d624cd0e7491df7a753985ccfa>)

As datas e horas das probas de AG (de primeira e segunda oportunidade) son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Master (CAM) para o presente curso. En caso de conflito ou disparidade entre as datas de exames, prevalecerán as publicadas na web do Master: www.mbadeporte.es

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

O Tráballo Fin de Máster pode estar ligado ás prácticas externas realizadas en entidades e organizacións deportivas.
